



Boletín de Medio Ambiente



Día Internacional da Terra

A Organización de Nacións Unidas celebra o 22 de Abril o Día Internacional da Terra, co obxectivo de alcanzar un xusto equilibrio entre as necesidades económicas, as sociais e as ambientais das xeracións presentes e futuras, e para promover a harmonía coa natureza e a Terra.

O día 23 de Abril de 2018 celébrase o oitavo Diálogo sobre harmonía coa natureza, na Sede da ONU de Nova York, no que se tratarán temas como a produción sustentable e os patróns de consumo na harmonía coa natureza.

Noticias

Adeus aos utensilios de plástico

A Comisión de Medio Ambiente do Congreso acordou levar a cabo as modificacións legislativas necesarias para prohibir a comercialización, importación e exportación de utensilios de plástico dun só uso (pratos, vasos, cubertos, ou palliñas) a partir do 1 de xaneiro de 2020. O texto aprobado expón que todos estes utensilios fabríquense con polo menos un 50 % de sustancias biodegradables a partir do 2020, e cun 60 % a partir do 2025.

Tamén acordaron prohibir a distribución gratuita de bolsas de plástico dun só uso, e reducir e evitar o consumo daquelas etiquetadas como «oxobiodegradables» ou «oxodegradables», xa que se demostrou que non se degradan senón que se fragmentan en micropezas.

Fonte: La Voz de Galicia

Participación pública para a Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio inicia un proceso aberto de participación pública para facilitar que diferentes colectivos do ámbito público e privado e a cidadanía en xeral poidan contribuír coas súas achegas ao deseño da futura Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia. Realizaráse un total de 48 obradoiros, programados para os meses de abril e maio en 24 concellos. Estes consistirán nun taller de traballo matinal dirixido a representantes políticos e persoal técnico municipal e noutro de tarde, cun formato aberto á poboación en xeral e pensado para que participen asociacións, empresas e calquera persoa particular interesada no tema.

Fonte: Xunta

Europa contribúe á deforestación do Sur de América

Porcos, pitos e vacas criados en granxas de Europa teñen na súa dieta soia, fonte básica das proteínas vexetais que consumen, e que supón un vínculo oculto coa deforestación do extremo sur de Latinoamérica.

A ONG Mighty Earth denuncia que a demanda global de soia promove a deforestación do segundo pulmón de América do Sur, o Gran Chaco, repartido entre o norte de Arxentina, o oeste de Paraguai e o sueste de Bolivia. Cada ano decenas de miles de hectáreas de bosque chaqueño son arrasadas para convertelas en terras cultivables.

España importou case dous millóns de toneladas de soia procedentes de Arxentina e Paraguai en 2016, a maioría destinadas a pensos animais. Ese mesmo ano, as importacións totais de Europa deste gran e os seus derivados ascenderon a 46,8 millóns de toneladas, dos que a metade procederon de América Latina.

Fonte: El País

Polonia condenada por talar árbores protexidas

O Tribunal de Xustiza da UE ditaminou que o Goberno de Varsovia infrinxiu as normas ao autorizar a talla de árbores nun bosque protexido.

O pasado mes de xullo, a Comisión Europea levou ao Executivo polaco ante a xustiza por autorizar unha talla que poñía en risco o espazo Natura 2000 Puszcza Bialowieska, un dos bosques naturais mellor conservados do continente. Polonia argumentaba que o obxectivo era loitar contra a propagación dun parásito que ameaza as especies, pero a retirada de árbores supostamente danadas afectou a máis da metade da superficie total do bosque, composta de máis de 60.000 hectáreas.

Fonte: Europa press

Biomasa, enerxía verde?

A Unión Europea a consideraba un combustible practicamente neutro canto a emisións de CO₂ posto que as emisións que emanan da súa queima son reabsorbidas de novo mediante a fotosíntese de plantas e árbores. A biomasa representa máis do 61% da enerxía renovable que se utiliza na UE.

Segundo os expertos, a biomasa cando é queimada emite CO₂ pero é unha fonte enerxética que a mesma natureza vai renovando de forma natural e, por tanto, o CO₂ que se emite volve ser captado pola mesma fonte; nada que ver cos combustibles fósiles que emiten CO₂ que leva millóns de anos almacenado baixo terra e que non é volto a captar.

Doutra banda, existen científicos que consideran que cortar árbores é antiético debido ao importante papel que os bosques xogan como sumidoiro dun CO₂ que doutro xeito se acumularía na atmósfera, e aseguran que a biomasa pode poñer en perigo a biodiversidade.

Fonte: La Vanguardia

Sabías que...

Tirar os envases aos colectores evita a extracción de novas materias primas e reduce con iso as emisións que contaminan o aire urbano?

Paliar a ameaza que supón a contaminación para a nosa saúde tamén está na man de cada cidadán. A parte de coller menos o coche ou movernos máis en bicicleta, hai unha cousa moi sinxela que podemos facer para mellorar o aire que respiramos: reciclar os nosos envases.

Boas Prácticas

Madrid reduce as súas emisións

O Concello de Madrid reducirá a emisión de 2.000 toneladas de CO₂ ao eliminar este ano 18 caldeiras de gasóleo de edificios e instalacións municipais. Isto supón suprimir un 67 por cento do consumo de gasóleo actual e traducirase nun aforro anual de 145.000 euros nas arcas municipais. Coa substitución das caldeiras de gasóleo reducirase o consumo de gasóleo en 720.000 litros/ano, o que equivale a reducir as emisións en 2.000 toneladas de CO₂ e a eliminación da contaminación por partículas e NOx asociados á combustión do gasóleo, o que provoca mala calidade do aire na cidade.

Fonte: Ecoticias

Guía de tenza responsable de animais de compañía

O Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente elaborou a «Guía para a tenza responsable de animais de compañía», que se basea en 5 alicerces:

- **Pénsao.** Un animal de compañía é unha fonte inesgotable de bos momentos, pero tamén de moitas responsabilidades.
- **Elix**e valorando o tempo e o espazo do que dispós ao día/sem ana.
- **Adquire e adopta** sempre nun sitio autorizado. Non contribúas, sen sabelo, ao tráfico animal.
- **Coñece** os coidados e necesidades da especie á que pertence a túa nova mascota. Así como os teus deberes e dereitos como dono.
- **Edúcao** para que saiba comportarse tanto dentro como fóra de casa.

Fonte: ABC

Non máis plásticos nos alimentos

A organización GREENPEACE crea unha campaña pedindo que os supermercados deixen de sobre-plastificar os alimentos.

A entidade denuncia que máis do 90% do plástico que consumimos non se recicla, e que ata 12 millóns de toneladas de plásticos entran nos océanos cada ano, afogando os ecosistemas, provocando danos á fauna e entrando na cadea alimentaria.

A campaña contan con 28580 firmas ata o de agora.

Fonte: Greenpeace

Axenda Ambiental

- 🌿 22/04/2018 Día Internacional da Terra (ONU)
- 🌿 23/04/2018 – 27/04/2018 II Xornadas Internacionais de Educación Ambiental do CEIDA. Oleiros
- 🌿 24/04/2018 Día Internacional do Animal de Laboratorio (ONU)
- 🌿 25/04/2018 Día Internacional da Conciencia sobre o Problema do Ruido
- 🌿 Ata 26/04/2018 Concurso de fotografía sobre Sanidade Vexetal e Cambio Climático

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal